

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Expediente: PTG 4/2020

Contratación do servizo de organización, xestión e execución das Aulas Tecnópole do Parque Tecnolóxico de Galicia.

Mesa de contratación:

Presidente: Ricardo Capilla Pueyo, Director Xerente de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

Secretaria: Noemí Lorenzo Carbajales, persoal do Departamento de Administración e Finanzas

Vogais:

- María Luísa Pena Nieto, Directora do Departamento de Administración e Finanzas de PTG.

- Edita Araceli Alonso Correa, persoal do Departamento de Administración e Finanzas.

Vogal suplente: Digna Pérez Saavedra, persoal do Departamento de Administración e Finanzas.

Características do procedemento:

Procedemento de adxudicación: aberto

Data de publicación do anuncio: 10/08/2020

Data de apertura pública das proposicións técnicas, sobre B: 03/09/2020

Data de apertura pública das proposicións económicas, sobre C: 09/09/2020

Primeiro.- OFERTAS PRESENTADAS

Presentáronse en prazo 2 proposicións sendo as entidades as seguintes:

Nome do licitador
ARENARIA COORDINACIÓN S.L.
CEO ABERTO, S.L.

Todas as ofertas recibidas foron presentadas a través do Sistema de Licitación Electrónico (SILEX).

A Mesa acordou admitir todas as propostas presentadas.

Segundo.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS

O prego fai referencia aos criterios de adxudicación de forma resumida no punto 7 do “Cadro de características do contrato”, tal e como se transcribe a continuación:

1. CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR (de 0 a 60 puntos): supoñen un peso do 60% na valoración total e valorarase de acordo co seguinte criterio:

- **Calidade da oferta técnica** elaborada de acordo co especificado no Prego de Prescricións Técnicas onde aparecerá acreditado o dominio conceptual, metodolóxico e técnico axeitado para a execución do contrato e reflectirá a capacidade técnica e requisitos necesarios para dar o servizo segundo o desenvolvemento previsto (máximo 60 puntos).

Esíxese un mínimo de 30 puntos a alcanzar neste criterio, por debaixo do cal se considerará que as ofertas non reúnen os requisitos mínimos e polo tanto serán descartadas e excluídas do procedemento de adxudicación.

A valoración e ponderación deste criterio de adxudicación (calidade da oferta técnica) realizarase atendendo aos seguintes aspectos (subcriterios de valoración), outorgando a puntuación máxima en cada subcriterio ao licitador que presente a mellor oferta e ao resto de forma proporcional:

1.1. Recursos materiais, informáticos ou tecnolóxicos achegados polo licitador e que se consideren necesarios para o bo funcionamento das Aulas Tecnópole, que estean directamente relacionados co servizo e que non supoñan un custo para PTG,S.A. (máximo 10 puntos)

1.2. Modelo organizativo (máximo 25 puntos). Valóranse sobre os requisitos mínimos esixidos na cláusula 10 "Capacidade e solvencia das empresas" aqueles aspectos adicionais relativos a:

1.2.1. Experiencia dos compoñentes de equipo de traballo proposto (coordinador e titores), valorándose a experiencia adicional do dito equipo en traballos relacionados coa divulgación científica e a docencia (máximo 10 puntos).

1.2.2. Formación dos compoñentes do equipo de traballo proposto: valorarase as titulacións que superen o nivel mínimo esixido, así como a diversidade de titulacións e de formación que abarquen as especialidades do plan formativo das Aulas Tecnópole. Só se valorarán aqueles aspectos

que estean xustificados documentalmente e para os que o licitador xustifique a relación co obxecto do contrato. (máximo 10 puntos).

1.2.3. Organigrama funcional do persoal dedicado ao contrato, distribución de tarefas e organización do equipo de traballo (máximo 5 puntos).

1.3. Temarios de contidos teóricos e prácticos (máximo 10 puntos).

1.4. Metodoloxía de ensino do plan formativo orientado a resultados (máximo 10 puntos).

1.5. Mecanismos de seguimento e control e métodos para garantir a calidade: establecemento de indicadores e obxectivos, modelo de relación cos alumnos, modelo de seguimento do contrato e de seguimento das actividades que compoñen o servizo (máximo 5 puntos).

2. CRITERIOS QUE NON DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR (de 0 a 40 puntos): supoñen un peso do 40% na valoración total e valorarase de acordo cos seguintes criterios:

- Valoración económica (máximo 40 puntos).

Valorarase con cero (0) puntos aquelas ofertas que propoñan como prezo de adjudicación o presuposto base máximo de licitación establecido neste Prego (apartado 4 do Cadro de características do contrato).

Valorarase con corenta (40) puntos a oferta que propoña o mellor prezo de entre as ofertas admitidas.

Partindo deste criterio de valoración, a puntuación outorgable ás restantes ofertas admitidas realizarase mediante un cálculo proporcional utilizando a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos } a = 40 \times \frac{[P_m - P_a]}{[P_m - P_b]}$$

Sendo:

Puntos a = puntuación valoración económica da oferta "a"

P_m = presuposto base máximo de licitación (sen IVE)

P_a = prezo da oferta "a" (sen IVE)

Pb = prezo da oferta máis baixa das admitidas (sen IVE)

Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación aquelas ofertas que superen o presuposto base máximo de licitación.

Terceiro.- VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS

Puntuación acadada polos licitadores nos criterios que dependen dun xuízo de valor:

A valoración destes criterios estivo a cargo dun comité de expertos nomeado polo órgano de contratación sendo os seus membros os seguintes:

- Beatriz Monfort Liniers, técnica do Departamento de Proxectos de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.
- Isabel Soto Amigo, do Departamento de Administración de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.
- Antonio Gómez Méndez, responsable do Departamento de Servizos Xerais de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

A mesa de contratación acordou por unanimidade aceptar a valoración proposta no informe do comité técnico. O cadro resumo de puntuacións é o que se transcribe a continuación e onde aparecen os subcriterios seguindo a mesma orde que consta no cadro de características do Prego:

Nome do licitador	Puntuación Subcriterio 1.1.	Puntuación Subcriterio 1.2.	Puntuación Subcriterio 1.3.	Puntuación Subcriterio 1.4.	Puntuación Subcriterio 1.5.	Puntuación total oferta técnica
ARENARIA	10	25	8	10	5	58
CEO ABERTO	10	14	10	10	4	48

Puntuación acadada polos licitadores nos criterios que non dependen dun xuízo de valor:

- Valoración oferta económica:

Tendo en conta o establecido no Prego a puntuación que lle corresponde á cada proposta presentada e admitida é a seguinte:

	Oferta Económica (€) (sen IVE)	Valoración
ARENARIA COORDINACIÓN, S.L.U.	24.345,87	28,01
CEO ABERTO, S.L.	23.600,00	40,00

Puntuación total acadada por cada licitador:

	Valoración Sobre B	Valoración Sobre C	Total valoración
ARENARIA COORDINACIÓN, S.L.U.	58	28,01	86,01
CEO ABERTO, S.L.	48	40,00	88,00

Cuarto.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

A Mesa de Contratación, examinadas todas as ofertas e baseándose nos criterios de valoración mencionados, adxudicou a mellor puntuación á oferta presentada por **CEO ABERTO S.L.** e polo tanto presentou proposta de resolución a favor desta entidade.

Quinto.-

En data 10 de setembro de 2020 o licitador CEO ABERTO S.L. recibiu a comunicación da proposta de resolución de adxudicación ao seu favor e déuselle o prazo de 10 días hábiles para aportar a documentación establecida nos Pregos.

Dentro do prazo estipulado a empresa procedeu a entregar a documentación requirida na comunicación de proposta de adxudicación.

En base a todo o anterior, o Órgano de Contratación,

RESOLVE:

- 1) Adxudicar á empresa **CEO ABERTO S.L.** a **“Contratación do servizo de organización, xestión e execución das Aulas Tecnópole” nº expediente PTG 4/2020**, conforme á súa oferta técnica e económica, por un importe de **23.600 €** (IVE non incluído), con suxección ás condicións do Prego de Cláusulas Particulares e do Prego de Prescricións Técnicas que rexen a presente contratación.
- 2) Publicar esta adxudicación no Perfil do Contratante na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e notificar esta adxudicación á empresa adxudicataria e aos licitadores.
- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución aos licitadores.

En San Cibrao das Viñas, na data da sinatura dixital.

Asdo. Patricia Argerey Vilar

Representante do órgano de contratación de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.